

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

### CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 23 de setembro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería (Concello Poio)". (Expte.- 2021038777).**

O Secretario da Mesa informa que por Resolución Presidencial número 2021004831 de data 19/08/2021 a memoria valorada para a execución da obra "Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería", cun orzamento base de licitación de 139.969,17 € IVE incluído. A esta memoria asígnóuselle o código (CSV): 1TK704IVA9379DCS.

Por Resolución Presidencial número 20210050778 de data 03/09/2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería (Concello Poio)", cun orzamento base de licitación de 139.969,17 €.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 03/09/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 30 de setembro de 2021 procedeu á apertura electrónica do sobre "único" procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería (Concello Poio)".

Examinada a documentación administrativa, as empresas admitidas foron as seguintes:

- DESEÑO, ENXEÑRÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.
- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE "UNICO"				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
DESEÑO, ENXEÑRÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	115.500,00 €	1%	36 MESES	SI	NO
SODEIN SOLUCIONES INDUSTRIALES, S.L.	95.547,99 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "UNICO"				PUNTUACION SOBRE "UNICO"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
DESEÑO, ENXEÑRÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	0,66	10,00	0,00	2,50	13,16
SODEIN SOLUCIONES INDUSTRIALES, S.L.	66,94	10,00	10,00	5,00	91,94

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería (Concello Poio)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "UNICO"
1	SODEIN SOLUCIONES INDUSTRIALES, S.L.	91,94
2	DESEÑO, ENXEÑRÍA E XESTIÓN DE OBRAS, S.L.	13,16

2. Propor ó Órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017



de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ampliación de instalación de captación de po na Escola de Cantería (Concello Poio) á empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. (CIF B27808641) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....	95.577,99 €
IVE (21%).....	20.275,07 €
Importe Total.....	116.823,07 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. (CIF B27808641), figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos de capacidade recollida no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. (CIF B27808641), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

#### **A) Solvencia económica e financeira**

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

#### **B) Solvencia técnica**

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe,



a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

**C) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 4.778,90 €**

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data indicada ao marxe.

